


A CIG-Ensino reclama melloras na Educación Infantil

Así o fixo aproveitando a negociación do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil

O novo decreto, unha oportunidade perdida se non se dá un impulso na normalización

Desde hai anos sábese que menos do 5% do alumnado das cidades é escolarizado en galego nas aulas de Infantil. Todos os estudos sobre a lingua galega nos centros educativos constatan que durante a escolarización se perden galego falantes, e a Consellaría volve perder unha oportunidade de pórlle solución, xa no documento de bases para un novo plan de normalización do galego no ensino presentadas o 23 de xuño do 2020, solicitabamos para a etapa de infantil que se tivera en conta a situación sociolingüística da contorna dos centros educativos e a lingua do alumnado e da súa familia para partindo de aí **aplicar un modelo no que a lingua vehicular e de aprendizaxe sexa o galego até o máximo legal establecido**, ou no caso de centros **onde a contorna sexa castelán falante** ir a un modelo onde o galego será a lingua vehicular, **como mínimo, do 50%** das áreas ou materias do alumnado. Arbitrándose as medidas, adaptacións e os apoios correspondentes para o alumnado que o necesite ou mostre algunha necesidade no desenvolvemento lingüístico ou de incorporación tardía ao sistema educativo.



Demandamos a dotación de departamentos de Orientación e reforzo do profesorado de PT e AL

Aparece no anteproxecto, concretamente no **artigo 5.3**, que un dos principios xerais é a detección precoz e a atención temperá de necesidades específicas de apoio educativo. Para facer isto efectivo, é precisa unha maior **dotación de departamentos de orientación, computando as aulas de infantil** e dotando os centros de educación infantil do profesorado de Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica necesarios, evitando que todo se quede nun parágrafo máis que non se vai aplicar.

Propostas concretas ao articulado

🗣️ Nos **obxectivos xerais de etapa**

incluiríamos un apartado i) Coñecer e valorar a identidade propia de Galiza, a nosa lingua e cultura. [Van estudalo.](#)

🗣️ Aínda que sabemos que é copiado e traducido do Real Decreto 95/2022 gustaríanos que no lugar de “respecto ás diferenzas” se falase de “valorar as diferenzas como algo positivo”.

🗣️ No **artigo 12** cando fala da autonomía dos centros dálles a posibilidade de ampliación do calendario escolar. Negámonos por completo a esta posibilidade, que por certo non atopamos no RD.

🗣️ No **artigo 14**. Programacións didácticas. Entendemos que hai que cambiar a redacción do apartado c, eliminar o concepto “unidades didácticas” e incluír, por exemplo, “proposta de traballo e temporalización”. Co termo unidades didácticas dificultamos o traballo por proxectos, por recunchos... [Din que van aplicar o concepto de unidade didáctica de forma ampla fomentando a autonomía dos centros e do profesorado. Que formarán aos inspectores para que así o apliquen.](#)

🗣️ No **artigo 15**. Principios pedagóxicos. Engadiríamos este:

6. Prestarase especial atención ao principio de igualdade poñendo o foco na eliminación dos contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes, con especial atención nos libros de texto e materiais educativos.

Este principio vén recollido no artigo 24 da Lei orgánica 3/2007 de 22 de marzo para a igualdade efectiva entre mulleres e homes e

tamén o artigo 6 da Lei orgánica 1/2004 do 28 de decembro de Medidas de Protección Integral contra a violencia de xénero di que “*co fin de garantir a efectiva igualdade de homes e mulleres, as Administracións educativas velarán para que en todos os materiais educativos se eliminen os estereotipos sexistas ou discriminatorios e para que fomenten o igual valor de homes e mulleres*”. [Van estudalo.](#)

🗣️ No **artigo 19.3** di textualmente que “a Consellaría con competencias en materia de educación establecerá procedementos que permitan a detección temperá das dificultades”. Cales van ser estes procedementos? Volve ser unha simple declaración de intencións.

🗣️ Tamén nos gustaría que se cambiara o termo Competencia Emprendedora por Competencia en autonomía e pensamento crítico, xa que o termo emprendedor está totalmente ligado ao mundo empresarial, non así as competencias que recolle no decreto. [Non o van cambiar.](#)

🗣️ Outro tema que queda totalmente esquecido neste anteproxecto é o **período de adaptación**, entendemos que é un tema fundamental nesta etapa e solicitamos que como tal así figure, con independencia que a súa concreción se deixe, como até agora, para as ordes de calendario escolar. [Non o van incluír no decreto pero non descartan incluílo noutra lexislación.](#)

🗣️ **Fíxase por primeira vez no decreto de currículo o número de días lectivos**, o que consideramos innecesario, mais de aparecer propoñemos que sexan días máximos. [Van mantelos.](#)

- 🗣️ A CIG-Ensino considera que este decreto pode aproveitarse para camiñar cara a redución progresiva da **ratio profesorado/alumnado**, xa que todo o que se propón neste decreto é case imposíbel con 25 crianzas na aula, moitas delas con NEAE. Isto si sería un gran avance cara unha ensinanza de calidade e non só nos papeis.
- 🗣️ Defendemos un ensino laico en todas as etapas, tamén en Infantil. Sabendo das limitación legais, reiteramos a nosa postura totalmente contraria a que a ensinanza da relixión forme parte do currículo de educación infantil.

Concreción curricular.

[A consellaría adianta que a concreción curricular que terán que facer os centros será mediante unha aplicación web -ao estilo da elaborada para a formación profesional- na que están a traballar.](#)

Desde a CIG-Ensino contestamos comentándolles que esperamos que esta sexa mellor que a feita para a formación profesional, xa que non temos máis que queixas do profesorado, entre outras cousas, pola súa pouca flexibilidade e autonomía.



O 1º ciclo de EI (0-3)

- 🗣️ En canto a **progresiva implantación do primeiro ciclo de educación infantil** entendemos que **este ciclo, como ciclo educativo que é debería depender da Consellaría de Educación.**
- 🗣️ Descoñecemos que propostas concretas ten o goberno do Partido Popular para “*tender á progresiva implantación do primeiro ciclo mediante unha oferta pública suficiente*” xa que o visto até agora só mostra un camiño cara a privatización ou a recepción de esmolas -doazóns- e non unha actuación clara por parte da administración, máis alá de vivir de rendas da rede pública de 0-3 que o anterior goberno bipartito puxo en marcha.
- 🗣️ Como se indica no artigo 2, este decreto, salvo os títulos III e IV, é de aplicación a 1º ciclo. Porén, atopámonos artigos difíciles de entender se así é. Exemplo, o artigo 12.4: van poder as escolas infantís 0-3 dependentes da Xunta adoptar innovacións pedagóxicas ou programas educativos nos termos establecidos pola Consellaría de Educación?
- 🗣️ Tampouco se fixa a concreción curricular deste primeiro ciclo, nin a coordinación entre ciclos, aínda que si apareza citada no enunciado do artigo 17, por non falar dunha mesma persoa titora en todo o ciclo.
- 🗣️ En todo caso, pedimos aclaracións sobre os efectos reais deste Decreto no 1º ciclo de 0-3 e se existe coordinación coa Consellaría actualmente responsábel del.

[Como toda aclaración ao exposto pola CIG-Ensino sobre o 1º ciclo din que o decreto está feito en colaboración coa Consellaría de Política Social.](#)



XIX XORNADAS das mulleres

12 de marzo de 2022 IES As Fontiñas (r/ Estocolmo 5. Santiago)

9:45 h

Recepción e entrega de material

10-11 h

Marcas feministas no Cinema

MARGARITA LEDO ANDIÓN, escritora, xornalista e cineasta.

11-12:45 h

Lei do SI é SI: unha loita sobre o evidente
con Rocío SAAVEDRA, politóloga feminista.

12:45-14 h

Ecoloxía e mulleres na Galiza

ADELA FIGUEROA, bióloga, activista e escritora.

16-17:30 h

Pode a regueifa ser feminista?

LUPE GÓMEZ, regueifeira e pandereteira e

SARA MARCHENA, graduada en Lingua e literatura galegas e regueifeira.

17:30-18:30 h

Ax(e)itar a lingua. Orientacións para unha
comunicación inclusiva no ensino.

MONTSE PENA PRESAS e MARÍA CAAMAÑO ROJO, docentes na USC e autoras do libro.

18:30-20 h

Presentación do proxecto coeducativo «Comando igualdade»
coa participación de alumnado integrante
PRISCILA RETAMOZO, coordinadora do proxecto e politóloga.

Solicitada a homologación por 8 horas lectivas. **MATRÍCULA:** Gratuíta

PARA INSCRIPCIÓN NAS XORNADAS: www.cig-ensino.gal e www.as-pg.gal